

O FUTURO DO NACIONALISMO GALEGO

Manuel Herminio Iglesias

Á vista dos resultados electorais das municipais e, sen entrar en detalles e casos concretos, o nacionalismo galego camiña desangrándose de consulta en consulta electoral. Os números e os resultados son elocuentes. Desta maneira os votos desta opción decrecen de consulta en consulta achegándose paseniño a unha marxinalidade política.

Pois ben, estas municipais foron outro pau, por moito que se queira minimizar, para os defensores dunha Galiza con máis poder en todos os aspectos da vida política. E foron un retroceso pois, onde se goberna dándolle soporte ao PSOE, os nacionalistas foron reducidos a ter unha representación semellante a de hai vinte anos. Non quero facer mención do caso de Ourense pois, por ser parte interesada, poderíase entender que actúo de maneira parcial.

Pero, polo menos, detecto varias cuestións que me levan a pensar que dende que se perdeu a Xunta camiñase en caída libre, pois non se frea á dereita, se non que esta gaña espazos, consolida feudos provinciais e accede ao goberno de cidades importantes.

En con esta situación a pregunta esta cantada: ¿Que lle acontece ao nacionalismo galego para que este non prenda na sociedade e se presente como unha alternativa seria de goberno sen ir da man do PSOE?

Antóllanseme varias respostas. A primeira e a necesidade dun proxecto crible realizado por unha formación política que supere o frentismo. Fronte a quen estamos? Un proxecto unido que se atope fora da liorta política polo poder na organización. Un proxecto que sexa interesante para os sectores que, sen ser nacionalistas, non rexeiten o nacionalismo construtivo e democrático. Un proxecto liderado por persoas cribles con peso na sociedade. Un proxecto que, fuxindo de modelos políticos fora de uso de países que nada pintan no mundo, pensemos Cuba e outros semellantes, sirva para ilusionar a unha sociedade, e non para erguer barreiras e amosar recelos nas nosas xentes. Un proxecto que fuxa da marxinalidade e dos complexos de inferioridade, para darlle contestación ás demandas dunha sociedade sen futuro liderada por caciques provinciais e partidos que obedecen soamente consignas centralistas.

A segunda proposta sería a de acadar unha ferramenta organizativa que teña claro cara onde se quere ir. Non se pode pretender ser goberno e ao mesmo tempo oposición. E menos vivir sempre na loita entre colectivos se facer posible unha unidade real para presentarnos diante a sociedade como un nacionalismo que superou a adolescencia política. Un nacionalismo que pretende amosar a madurez tendo un obxectivo claro: querer gobernar sen medo pero con rigor e seriedade.

Realmente descoñezo se o nacionalismo galego será capaz de facer a suficiente autocrítica para corrixir o rumbo que leva. Penso que non. O proceso que ten que abrirse de seguro que tocará estes puntos ou outros semellantes. Pois de non ser así, e de esquecer a mensaxe que nos mandan os cidadáns dicíndonos que, o que se lle oferta non lles ilusiona, é aceptar seguir perdendo posicións e pospoñendo a reforma que terá que acometerse algún día. É, polo tanto, camiñar por un vieiro errado.

O nacionalismo galego, como ideoloxía política, ten diante de si unha tarefa e un debate que dar; ten unha revisión que facer do que foi ate hoxe e do que quere ser no futuro. Como tantos galegos espero que, máis cedo que tarde, se produza unha revisión serena da oferta organizativa, ideolóxica e de propostas para o século XXI; pois como tantos nacionalistas entendo que hai que facer unha lectura real do que quere a xente que vive nesta terra. Pois a oferta baseada nas ideoloxías emancipadoras dos anos sesenta do século pasado é errada e non vale para estes tempos.

A nosa sociedade necesita dunha alternativa que supere os partidos centralistas e sirva para solucionar moitos problemas que hoxe padecemos. Alternativa que pasa por escoitar ás persoas e facer unha diagnose correcta que nos permita detectar as súas inquiredanzas e necesidades. Pois son os votantes os que aproban ou rexeitan unha oferta programática e ignoralos leva a camiñar cara a unha marxinalidade política estéril e inútil.